



FORO VALDEORRAS SÉCULO XXI

Valdeorras, 15 de xuño de 2009

O Foro Valdeorras Século XXI vén de celebrar a súa quinta xuntanza hoxe 15 de xuño no Hotel Mesón As Chairas en A Veiga para dar conta das xestións realizadas nos últimos meses pola Comisión de Seguimento e plantexar o plan de traballo de futuro.

Asistiron ou estiveron representados os concellos de O Barco, A Rúa, Vilamartín, A Veiga, os sindicatos UGT, CCOO e CIG; a deputada valdeorresa no Parlamento Galego María Carmen Acuña, o representante do Consello Comarcal do BNG, o presidente comarcal do PP, así como os representantes das asociacións empresariais AEVA e AGP.

Durante a reunión consensuáronse os seguintes puntos:

Aceptar a solicitude de adhesión ao Foro cursada pola Asociación Trevihost

En materia de turismo, expresouse a satisfacción do Foro por ter conseguido a publicación da primeira guía turística da comarca, que foi presentada o pasado 19 de maio en Ourense, e agradeceuse á Deputación de Ourense que asumira os gastos de edición da mesma. Asemade destacou que a guía está tendo moi boa aceptación, polo que se fai necesaria unha reedición da mesma, que se lle solicitará á Deputación de Ourense. Tamén se acordou traballar na elaboración dun programa de presentacións da guía dentro e fora de Galicia e pedir a axuda das Administracións para poder levalas a cabo. Acordouse tamén aproveitar o esforzo promocional que se vai desenvolver con motivo do Xacobeo 2010 para que, dende á Administración, se proxecte a imaxe de Valdeorras.

Propúxose solicitar financiación á Deputación para a edición dixital da guía mediante a elaboración dunha páxina web propia da comarca de Valdeorras e mentres non se materializa este proxecto, decidiuse aloxar a guía na páxina web da Deputación e que os Concellos e demais membros do Foro inserten na súa web un enlace coa dita páxina.

Acordouse tamén que o Foro Valdeorras retome as reivindicacións plasmadas no documento consensuado na primeira xuntanza de setembro de 2007 cos novos dirixentes da Xunta e, nese senso, solicitar unha entrevista ao Delegado Territorial en Ourense, Rogelio Martínez.

Os membros do Foro analizaron tamén as seguintes cuestións pendentes en materia de infraestruturas:

- Enlace Estrada Nacional 120 - Estrada Nacional 536
- Estrada A Veiga- Prada
- Autovía A-76 Ponferrada-Ourense
- Acceso a A Rúa desde a Estrada Nacional 120
- Mellora do firme da Estrada Nacional 120 entre o p.k. 441 (alto de Biobra) e o límite coa provincia de León
- Enlace, ensanche e mellora do firme da Estrada Nacional 536
- Estación de reciclaxe de residuos da construción
- Aparcadoiro de vehículos pesados de ámbito comarcal

Habida conta de que todos estes proxectos están en fase de desenvolvemento, o Foro fará xestións para conseguir que se axilicen os prazos de execución.

En canto ás infraestruturas ferroviarias, o Foro quere manifestar o seu interese en que A Gudiña sexa nó de comunicacións no futuro AVE, contando cunha estación que permita que haxa paradas deste tren, sen prexuízo de seguir demandando melloras na liña e no servizo de ferrocarril co que conta actualmente a comarca.

O Foro tamén acordou seguir demandando o abaratamento do custo do chan industrial na comarca.

Informouse tamén da carencia de cobertura para telefonía móbil en diferentes puntos da comarca, demandando a súa mellora e a implantación de novas tecnoloxías como a conexión 3G. Plantexarase esta reivindicación á Consellería de Economía e Industria.

O Foro acordou pronunciarse públicamente en apoio do sector da lousa, considerado un sector estratéxico da comarca e da provincia e cuxa situación de crise económica foi abordada na xuntanza. O presidente da AGP expuxo un "Plan de choque" cunha serie de medidas para facer fronte a situación e que foi consensuado polos membros do foro. Ese plan abrangue: unha Campaña de promoción no Reino Unido, demandar que os Plans Xerais de Ordenación Municipal dos concellos galegos favorezan o emprego da lousa na construción, unha moratoria de 5 anos na aplicación do denominado "factor de agotamento", a financiación do circulante e dos stocks e inversións en I+D+I. En relación co Plan Laxa, o Foro solicita que se activen axudas para os desempregados do sector da lousa. Tamén se comentou que a Asociación Centro Comercial Aberto O Barco, na súa última xuntanza, mostrou o seu respaldo ao sector.

Outro dos temas tratados foi a necesidade de seguir demandando maior cobertura informativa da comarca por parte da CRTVG, para o cal se solicitará dende o Foro unha entrevista co novo responsable da Compañía. Iniciaranse tamén contactos coa Delegación da Televisión Española en Galicia. Para facilitar a promoción da comarca nos medios de comunicación, dende o Foro elaborárase un calendario coas romarías e festas populares que teñen tradición en cada un dos concellos.

Dende o Foro tamén se insistiu na necesidade de organizar na comarca cursos de verán que supoñan créditos para os asistentes, xestión que se realizará nun primeiro momento a través da extensión valdeorresa da UNED de Ourense.

Finalmente, dende o Foro expresouse a necesidade de manter e potenciar a Área Sanitaria de Valdeorras. No que se refire ao proceso educativo, evitar no posible o reagrupamento de alumnos, tendo en conta a dispersión poboacional da comarca.

Tamén se decidiu celebrar a próxima xuntanza do Foro no municipio do Bolo dentro de tres meses.